



PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NO MARISQUEO A PÉ

ANTES DE IR AO TRABALLO



PERSOAS SENSIBLES

Coñecer que persoas traballadoras son especialmente sensibles ao coronavirus e adoptar as medidas específicas para minimizar o risco de contaxio. No caso de dúbida consulte co seu médico.



FEBRE

Non ir traballar con febre (>37°) ou síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



INFORMACIÓN

Difundir material informativo nas confrarías e asociacións sobre os riscos de contaxio e propagación do coronavirus, con especial atención ás vías de transmisión, as medidas da autoridade sanitaria e a actuación ante un caso sospeitoso.



DESPRAZAMENTOS

Os **desprazamentos** faranse mellor individuais seguindo as indicacións de mobilidade. No **transporte colectivo** é obrigado o uso da **máscara**.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



DISTANCIA

Gardar sempre a distancia de seguridade de 2 metros, de non ser posible, todas as persoas empregarán a máscara cirúrxica ou hixiénica.



EVITAR CONTACTO FÍSICO

Evitar o saúdo con contacto físico.



ACTIVIDADES GRUPAIS

Evitar actividades grupais como reunións e coincidir en espazos reducidos e vestiario.

HIXIENE E LIMPEZA



LAVADO DE MANS

Facilitar o lavado frecuente das mans ou o uso de solucións hidroalcohólicas. Lavalas antes de poñer e logo de quitar as luvas. **As uñas** levaranse curtas e coidadas e o cabelo recollido. Evitar o uso de xoias.



FERRAMENTAS/EQUIPOS DE TRABALLO

Evitar compartir ferramentas, utensilios e outros obxectos sen limpalos previamente. De non realizar a limpeza inmediatamente lavar as mans.



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Reforzar as tarefas de limpeza e desinfección nos vestiarios (deterxente habitual, lixivia ou outros produtos autorizados). Dispoñer de xabón ou solucións hidroalcohólicas, panos desbotables e contedores con tapa, pedal e bolsas recambiáveis.



EQUIPOS DE PROTECCIÓN

Utilizar os equipos de protección individual (EPI) adecuados a súa actividade laboral. **Usar as luvas de traballo habituais**, sen descoirdar a hixiene de mans.



MÁSCARAS

As máscaras hixiénicas ou cirúrxicas, son unha recomendación para a poboación xeral cando non é posible manter a distancia de seguridade no traballo, na compra, en espazos pechados e na rúa.



PROTEXER O PRODUTO

Protexer o produto extraído de xeito que se garanta a súa hixiene en recipientes apropiados.



COMIDA

Evitar compartir comida, bebida e outros obxectos.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



SINALIZAR

Sinalizar o chan mediante cintas adhesivas ou postes separadores que proporcionen distancias mínimas, no caso de ser posible, nos locais destinados aos **puntos de control** ou na lonxa.



ORDENAR ACCESOS

Ordenar o acceso, ben á pe ou nas embarcacións, aos areais, aos puntos de control e ás lonxas, se é posible, gardando sempre a distancia de seguridade.



CASO SOSPEITOSO DE COVID-19

No caso dun caso sospeitoso, contactar co centro de saúde ou chamar ao teléfono 900 400 116.



MATERIAL

Dispoñer de material de limpeza, hixiene e protección persoal.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña
981 182 329
issga.coruna@xunta.gal

Lugo
982 294 300
issga.lugo@xunta.gal

Ourense
988 386 395
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra
886 218 101
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago
881 999 332
issga@xunta.gal